

RATIOS E RENDIBILIDADE

RATIOS: Un ratio é un cociente que relaciona dúas magnitudes económicas, en concreto os ratios que nos permiten analizar a situación patrimonial e financeira dunha empresa poden definirse como un cociente entre dúas masas patrimoniais. Os máis importantes son os seguintes:

RATIO	CÁLCULO	INTERPRETACIÓN	VALOR ÓPTIMO
Disponibilidade	$\frac{\text{efectivo}}{\text{pasivo corrente}}$	Capacidade para cubrir débedas co efectivo, activo máis líquido	0'1-0'4
Tesourería ou acid test	$\frac{\text{debedores+efectivo}}{\text{pasivo corrente}}$	Liquidez ou solvencia inmediata, capacidade para facer fronte as débedas co efectivo e co que nos deben. Si é >1 pode haber exceso de liquidez (recursos ociosos) Si é <1 hai riesgo de entrar en suspensión de pagos	0'8-1'2
Liquidez	$\frac{\text{activo corrente}}{\text{pasivo corrente}}$	Solvencia a curto prazo, capacidade para facer fronte ás débedas a cp con todo o seu activo corrente. Si é > 2'5-3 poden existir recursos ociosos (perda de rendabilidde dos mesmos) Si é < 1'5 hai perigo de entrar en suspensión de pagos	1-2'5
Garantía estrutural	$\frac{\text{activo}}{\text{pasivo nc+pasivo c}}$	Solvencia a lp, capacidade para facer fronte ás débedas a lp, distancia á quebra. Si é < 1 hai risco de quebra. Deberá ser >1 e próximo a 2	1-2
Autonomía financeira	$\frac{\text{fondos propios}}{\text{pasivo nc+ pasivo c}}$	Autonomía respecto ó financiamento alleo Canto maior sexa indicará unha maior autonomía	0'8-1'5
Calidade da débeda	$\frac{\text{pasivo corrente}}{\text{pasivo nc+pasivo c}}$	O que reperesentan as débedas a cp respecto ó total das débedas. Cuanto máis Baixo mellor pois reflicte maior calidade da débeda.	0'2-0'5
Endebedamento total	$\frac{\text{pasivo nc+pasivo c}}{\text{fondos propios}}$	Mide o peso da financiación allea respecto aos fondos propios (é o inverso da autonomía financiera) Si é < 0'5 indica pouco endebedamento	0'5-1'25
Inmovilizado	$\frac{\text{activo non corrente}}{\text{f. propios+pasivo nc}}$	Capacidade para financiar o ANC con FP e PNC (relacionado co FM pois si é > 1 o FM será negativo)	< 1

RENDIBILIDADE

A **rendibilidade económica** da empresa é o rendemento do activo, é dicir, dos investimentos da empresa, calcúlase:

$$RE = \frac{\text{Beneficio Antes de Xuros e Impostos}}{\text{Activo}} = \frac{\text{BAIT}}{\text{Activo}} \times \frac{\text{Ventas}}{\text{Ventas}} = \frac{\text{BAIT}}{\text{Ventas}} \times \frac{\text{Ventas}}{\text{Activo}} = \text{Marxe comercial} \times \text{Rotación del activo}$$

A **rendibilidade financeira** é a relación entre o beneficio neto (xa descontados os xuros e impostos) e os recursos propios, é dicir, amosa o beneficio xerado pola empresa en relación ó capital achegado polos socios. Calcúlase:

$$RF = \frac{\text{Beneficio neto}}{\text{Recursos propios}} = \frac{\text{Bfo neto}}{\text{Fondos Prop.}} \times \frac{\text{Ventas}}{\text{Ventas}} \times \frac{\text{Activo}}{\text{Activo}} = \frac{\text{Bfo neto}}{\text{Ventas}} \times \frac{\text{Ventas}}{\text{Activo}} \times \frac{\text{Activo}}{\text{Fondos Prop.}} = \text{Marxe} \times \text{Rotación} \times \text{Apalancamiento}$$